Dicionario fluvial (é un dicionario visual dos ríos galegos): https://www.rios-galegos.com/
Dicionario de termos literarios. AS-PG: http://literaturagalega.as-pg.gal/termos-literarios/a.html
Equipos de Dinamización da Lingua Galega no Portal da Lingua Galega. Secretaría Xeral de Política Lingüística: https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega
Glosario de erros léxicos e fraseolóxicos máis comúns en galego. Servizo de Normalización Lingüística da USC: https://www.usc.es/gl/servizos/sn/asesoramento/dubidas/glosario
Historia da Literatura Galega. AS-PG: http://literaturagalega.as-pg.gal/
Portal da Lingua Galega. Secretaría Xeral de Política Lingüística: https://www.lingua.gal/portada
Portal das Palabras. Real Academia Galega e Fundación Barrié: http://www.portaldaspalabras.org/
Real Academia Galega: https://academia.gal/inicio
Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia (http://www.realacademiagalega.org/recursosvolg)

Os materiais e recursos didácticos que o profesorado desta área empregará no proceso de ensinanza-aprendizaxe han de:

1. Axeitarse aos contidos establecidos no PEC e no PCC do ciclo correspondente.
2. Expoñer os contidos de xeito claro, conciso e organizado mediante unha linguaxe adecuada ao nivel académico ao que vai dirixido ese material.
3. Traballar as distintas destrezas vinculadas coa materia de lingua e literatura galegas (lectoescritura correcta, lectura comprensiva, coherencia expositiva, secuenciación e organización de ideas...).
4. Incluír variedade de contidos, tanto lingüísticos como literarios.
5. Servir, principalmente, para fomentar o traballo en grupo.
6. Empregar unha linguaxe non sexista.
7. Non ser discriminatorios en relación cos distintos grupos, minorías ou clases sociais.
8. Favorecer a comunicación entre alumnos/as e entre estes co profesor.

En concreto, empregaranse os seguintes recursos materiais:

- a) Libro de texto
 - Plataforma Edixgal, empregando como material de referencia o da editorial Netex-Smart.

- b) Libros de lectura

En cada trimestre, todo o alumnado deberá ler obrigatoriamente unha obra da literatura galega, que se avaliará mediante traballos ou probas escritas. Os libros de lectura obrigatoria son os seguintes:

1ª AVALIACIÓN:

Villar, Domingo: Ollos de auga. Galaxia.

2ª AVALIACIÓN:

Negro, Carlos: Aplicación instantánea. Xerais.

3ª AVALIACIÓN (a escoller unha):

Maceiras, Andrea: Europa express. Xerais.

Ruibal, Rubén: Limpeza de sangue. Xerais.

A maiores, tamén se ofrece a posibilidade de realizar algunha lectura voluntaria, a escoller entre as seguintes obras:

Alonso, Fran: Poetízate. Xerais.

Blanco Amor, Eduardo: Os biosbardos. Galaxia.

Castelao, Alfonso Daniel: Cousas. Galaxia.

Dávila, Berta: Un elefante na sala de estar. Xerais.

Fernández Paz, Agustín: O único que queda é o amor. Xerais.

Lienas, Genma: O diario violeta de Carlota. Galaxia.

Riveiro Coello, Antón: As rulas de Bakunin. Galaxia.

Vázquez Freire, Miguel: Anxos en tempos de chuvia. Xerais.

c) Outro materiais

- Material teórico elaborado polas persoas docentes (fotocopias, presentacións de diapositivas, esquemas etc.)

- Biblioteca do centro e de aula.

- Recursos que se poidan obter coas TIC: Páxinas de distintas webs, blogs, audios, vídeos... que conteñen exercicios, propostas para buscar información, selecciónala, analízala e extraer as conclusións pertinentes:

- <https://linguakit.com/gl/> <https://caderodelingua.wordpress.com/tag/rosa-salgueiro/> <http://napuntadalingua.rosasalgueiro.com/lingua.htm> <http://www.blogoteca.com/profesgalegas/> <http://www.aelg.org/PalabraAudiovisual/> <http://consellodacultura.gal/> <http://www.ghastaspista.com/historia/>

- http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/indice.htm <http://www.linguagalega.org/lingua/lingua.html>

- <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1296813709/contido/Galego/indice.htm> https://gl.wikibooks.org/wiki/Curso_de_lingua_galega <http://www.xente.mundo-r.com/anvi/>

- https://gl.wikipedia.org/wiki/Wikipedia:Curso_de_lingua_galega <http://atallolongo.blogspot.com.es/p/lingua-1-bac.html>

- Mapas conceptuais dos contidos que vaian ser presentados ou revisados para a súa posterior avaliación.

- Arquivos de audio e vídeo para traballar a comprensión e expresión oral, escrita e mesmo literaria.

- Bibliotecas virtuais que esixan un elemental manexo.

- Textos específicos fotocopiados.

- Recursos fotocopiados con actividades de reforzo e ampliación e lecturas.

- Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.

- Fragmentos de obras literarias (narrativa, escolmas poéticas, textos dramáticos...).

- Gramáticas e dicionarios.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumno ou alumna no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico... poderá constar das seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, preguntas sobre o seu contido.

- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar preguntas fechadas sobre o contido dun texto escrito.

- Produción oral. O alumnado realizará intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto.
 - Produción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto.
- Á parte disto, a proba poderá incluír cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores referidos ao aprendido no nivel ou etapa anterior.
- Se fose posible, poderíase pasar un test sociométrico cuxos resultados nos servirán á hora de facer os agrupamentos para as diferentes actividades do curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	23	3	3	3	23	3	3	3	24	4
Proba escrita	100	0	0	0	100	0	0	0	100	0
Táboa de indicadores	0	100	100	100	0	100	100	100	0	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	4	4	100
Proba escrita	0	0	70
Táboa de indicadores	100	100	30

Criterios de cualificación:

En primeiro lugar, a nivel global, realizaranse tres avaliacións ordinarias e unha final, esta última para o alumnado que non consiga superar a materia.

Para a aplicar os criterios de cualificación ao longo de todo o curso, tomaranse como referencia as porcentaxes establecidas en cada unidade didáctica, que poden consultarse no apartado 3.1. En canto á avaliación de cada unha destas unidades, é importante esclarecer que en cada trimestre se realizarán dúas probas escritas que permitirán avaliar os contidos incluídos nas unidades 1, 5 e 9.

A nota de cada trimestre corresponderase coa media ponderada das cualificacións das unidades didácticas abrangidas nel, tendo en conta as porcentaxes recollidas no apartado 3.1. desta programación.

A maiores, o alumnado poderá incrementar a súa nota en 0,5 puntos coa realización dunha lectura voluntaria, que se poderá avaliar de forma oral ou escrita.

Para o cálculo da cualificación final do curso, farase a media ponderada das notas medias dos tres trimestres, contando que o 1º e 2º trimestres terán un peso do 32% cada un e o 3º contará o 36%, como se recolle tamén no apartado 3.1 ao sumar os pesos das unidades de cada unha das tres avaliacións. Este maior peso do 3º trimestre débese a que se entende a avaliación como un proceso continuo e formativo, de xeito que as competencias estarán mellor adquiridas canto máis avanzado estea o curso.

Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha nota final de 5 puntos ou superior, tendo en conta o conxunto de actividades de cada avaliación (e recuperación no seu caso), sendo as probas escritas só unha parte delas.

Alén disto, cómpre salientar que as incorreccións lingüísticas terán unha penalización que se reflectirá na cualificación de cada proba. Por este motivo, poderase aplicar unha penalización de ata 1,5 puntos na súa cualificación. O profesorado establecerá a puntuación que hai que descontar por cada unha delas, atendendo á súa gravidade. Así mesmo, e tal como corresponde a unha materia lingüística, todas as respostas ás probas tanto orais

como escritas deberán ser contestadas en lingua galega, podendo ser causa de que o alumno ou alumna non supere a proba por este motivo.

O redondeo a puntos enteiros realizarase á alza ou á baixa (ao punto inmediatamente superior ou inferior) segundo a observación da constancia do traballo e a actitude diarias por parte da persoa docente.

No caso de que, durante a realización dunha proba, se sorprenda un alumno/a copiando, por calquera medio, ou colaborando activamente para que que outra persoa copie, aplicaráselle nesa proba unha cualificación de 0 puntos.

Cráterios de recuperación:

Para favorecer a continuidade do curso, realizaranse probas de recuperación por trimestre, o que posibilita unha adecuada progresión ao longo do curso.

Canto á avaliación final, a cualificación equivalerá, na meirande parte dos casos, á media dos tres trimestres, coa excepción dos seguintes supostos:

a) O alumnado que teña suspensa a materia poderá recuperala na avaliación final, para o que realizará unha proba escrita da/s avaliación/s suspensa/s (polo tanto, as probas da 3ª avaliación terán que realizarse con certa marxe de anterioridade). Manterase a cualificación máis alta (ben a da proba final, ben a obtida durante o curso). A cualificación obtida nesta proba permitiralle a posibilidade de recuperar a parte correspondente ao 70% das probas escritas. En caso de teren que recuperar o 30% restante da cualificación (lectura, traballos, exposicións orais etc.), isto farase mediante a elaboración dun booktuber (vídeo-recensión dun libro de lectura).

b) A totalidade do alumnado aproveitará o período comprendido entre a proba da 3ª avaliación e a proba final (só obrigatoria para quen teña a materia suspensa) para realizar diferentes actividades de reforzo e ampliación que, ademais, servirán tamén para preparar a proba final que acaba de describirse. Ademais, tamén poderán aproveitarse estas semanas para a realización na aula dalgún traballo que poida contar na cualificación da 3ª avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

A aula é un espazo plural formada por alumnado que presenta diversos ritmos e estilos de aprendizaxe, diferentes motivacións, situacións sociais variadas etc. É por iso que debemos atender á diversidade dos grupos empregando unha metodoloxía que se adecúe, na medida do posible, a cada persoa.

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».

Débase ter en conta o establecido no artigo 41 da citada Orde que, de conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, define as medidas de atención á diversidade como as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e deberán estar recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais do dito plan.

Nas medidas ordinarias, por exemplo, teranse en conta os reforzos educativos (RE).

No caso dos RE, se for necesaria a súa aplicación, elaborárase, un informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo onde consten os datos do alumno ou alumna e os datos do reforzo educativo en que se inclúa a data de comezo e de remate e a descrición das medidas desenvolvidas (o motivo, descrición das medidas, temporalización, axuda do profesorado, corrección, e valoración final e coa previsión para o seguinte curso se ten que continuar ou non o RE).

Neste sentido, no momento de elaboración desta PD, sabemos que contamos cos seguintes casos de NEAE:

- 4 casos de TDA(H)
- 1 caso de dislexia severa
- 1 caso de altas capacidades
- 2 casos TEA

- 1 caso de DEA

Para atender a este alumnado, aplicaranse na aula as medidas ordinarias establecidas polos protocolos correspondentes.

Ademais destas medidas de atención ao alumnado con NEAE, implementaranse outras medidas válidas para a diversidade xeral do grupo como as seguintes:

-Alternar actividades teóricas con traballo práctico.

-Antes de empezar unha actividade, explicarase en que consiste de xeito claro e sinxelo, e asegurárase de que a entendeu todo o alumnado.

-Empregar estratexias para captar a atención inicial, como mudanzas de entoación, xesticulación e dramatización.

-Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.

-Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.

-Usar reforzos e apoios visuais na instrución oral.

-Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.

-Propor exercicios variados.

-Conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira para que axude a comprender e a realizar as tarefas; o que á súa vez contribuirá a potenciar a súa zona de desenvolvemento próximo, segundo a teoría de Vygotsky.

-Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, utilizar un sistema de puntos ou economía de fichas etc.)

En canto ás tarefas que se lle proporán terase presente o seguinte:

-Reducir e fragmentar as actividades.

-Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.

-Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.

-Non sobrecargar de tarefas para a casa, cómpre que o profesorado do curso se coordine e seleccione aquelas que se consideren máis importantes.

En canto ás probas escritas e, co fin de as mellorar, será necesario:

-Fixar as datas dos exames con suficiente antelación.

-Traballar con mostras de formato de exames. Serve de gran axuda para todos poder adestrarse con exercicios e formatos tipo do que van atopar no día sinalado.

-Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.

-Acurtar os exames escritos e formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo. En ningún caso se formularán preguntas que poidan resultar ambiguas ou que teñan unha dobre interpretación.

-Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).

-Dar máis tempo para realizar as probas ou os exames escritos, inclusive dividilos en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.

-Presentar escrito o texto dos exames, salientando en letra negra as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa. Na media do posible, utilizar un tipo de letra de maior tamaño.

-Deixar suficiente espazo entre as preguntas (dobre espazo e, preferiblemente, un exercicio por páxina), e supervisar a súa comprensión e execución durante o tempo no que se desenvolva o exame.

-Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.

-Supervisar que a/o alumna/o respondeu a todas as cuestións antes de entregar o exame.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - - A comunicación audiovisual		X		X		X		
ET.2 - - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - - O emprendemento social e empresarial		X						
ET.4 - - O fomento do espírito crítico e científico			X					
ET.5 - - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X		
ET.6 - - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X		
ET.7 - - A creatividade		X		X		X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - - A comunicación audiovisual				
ET.2 - - A competencia dixital				
ET.3 - - O emprendemento social e empresarial				
ET.4 - - O fomento do espírito crítico e científico				
ET.5 - - A educación emocional e en valores				
ET.6 - - A igualdade de xénero				
ET.7 - - A creatividade				

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 3º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiro literario.	Posible roteiro literario sobre o Grupo Nós.	X		
Visionado de películas	Visualizaremos algún filme relacionado con algunha das obras literarias estudadas.		X	

Observacións:

As actividades complementarias insírense de cheo nas unidades didácticas da programación, é por iso que o alumnado poderá realizar actividades de carácter voluntario para incrementar a súa nota trimestral mediante proxectos ou actividades asociados a elas.

Garantirase que a súa valoración sexa obxectiva e que a súa realización sexa accesible a todo o alumnado independentemente da súa situación económica familiar ou de calquera outra forma de dificultade.

O incremento de nota será dun máximo de 2 puntos na cualificación da materia e só se fará efectivo unha vez se teña chegado á cualificación de 5 sobre 10 nos instrumentos de avaliación de cada trimestre.

Estas tarefas desenvolveranse fóra da aula e poderán xirar arredor destes aspectos:

- Lectura voluntaria de obras escollidas pola/o alumna/o e confirmadas pola/o docente. (0,5 cada obra voluntaria lida) (Máx. 1 punto)
- Investigación de distintos aspectos da cultura, da lingua, da literatura e da sociedade galega propostos pola/o alumna/o e confirmadas pola/o docente. (Máx. 1 punto)
- Investigación sobre sociolingüística a través do EDLG ou sobre un tema proposto pola/o alumna/o e confirmado pola/o docente. (Máx. 1 punto)
- Asistencia probada a aos actos culturais no concello (obra de teatro, presentación literaria, conferencia) (0,5 puntos), se vai acompañada da crónica do acto ou dunha entrevista para a web do EDLG (1 punto).
- Colaboración co EDLG, con mostras de traballo evidentes (podcast, textos etc.). (Máx. 2 puntos. Non se sobe nota por formar parte do EDLG, ten que haber evidencias de traballo.)

Por outro lado, procurarase realizar saídas e organizar actividades multidisciplinares con outros departamentos.

- "Agrido coa lingua e agrido a túa lingua" contará coa colaboración dos membros do EDLG do centro e co Grupo de Igualdade.

- O roteiro de Castelao por Pontevedra organizarase co departamento de Xeografía e Historia.

- O encontro con xornalistas organizarase co departamento de Filosofía e co de Xeografía e Historia.

- A intervención poética na nosa vila "Veño de aquí" organizarase para o 21 de marzo, Día Mundial da Poesía. Trátase dunha acción sobre a contorna a través de poesías xeolocalizadas realizadas polo alumnado que procuran poñer en valor as paisaxes, a arquitectura e todo o patrimonio cultural do lugar que habitamos, comezando pola lingua.

- Na exposición "Un mundo multicolor" colabórase co Equipo de Igualdade e co EDLG.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
9. Fíxose un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
12. Axustáronse as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa secuenciación.
13. Mantívoase a coherencia entre obxectivos, criterios de avaliación, contidos e os mínimos de consecución.

14. Utilizáronse procedementos, criterios e instrumentos de avaliación adecuados.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
Metodoloxía empregada
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
6. Impartiuse a clase de forma amena, con explicacións claras e exemplificacións sinxelas e comprensibles.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
Medidas de atención á diversidade
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas, tanto culturais como de procedencia.
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
Clima de traballo na aula
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
4. Logo de realizarse a avaliación Inicial e de recibir a Información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos.
17. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, valorando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das fillas ou fillos.
Outros
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos.
8. Procurouse a actualización profesional, tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
19. Analizáronse as cualificacións do alumnado e valoráronse as porcentaxes de aprobados e suspensos na materia.
21. Corrixíronse as probas no prazo establecido, e analizáronse e comentáronse posteriormente na aula.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: ao referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 5, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso pasado.

A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

-Introdución

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias

-Relación de unidades didácticas, coa súa secuenciación e temporalización, que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos

-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación dos mínimos de consecución para superar a materia

-Medidas de atención á diversidade

-A concreción dos elementos transversais

-As actividades complementarias

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

-A programación entregouse no prazo establecido normativamente.

-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.

-Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

-Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.

-En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

-Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación establecidos ao longo do curso foron os axeitados.

-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

-Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.

-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

-Partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) e tivéronse en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.

2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.

3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (segundo os protocolos de actuación correspondentes).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .
12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluíranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

9. Outros apartados